

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 14 DE XULLO DE 2011,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Proxecto de Lei polo que se modifica a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se lles concede a Medalla de Galicia na súa categoría de ouro a Ángel Carracedo Álvarez e ao Instituto da Lingua Galega (ILG).
- Decreto polo que se aproba a bandeira do concello de Mos.
- Decreto polo que se aproba o escudo do concello de Sada.
- Decreto polo que se aproba a bandeira do concello de Sada.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de dous treitos sobrantes da estrada anteriormente denominada C-640 (actualmente LU-540) a prol do Concello de Oourol.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela, para sufragar os gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Fene, para a construción dun punto limpo para os concellos de Fene e Cabanas (A Coruña), por importe de douscentos sesenta e tres mil oitocentos cincuenta e un euros con vinte e tres céntimos (263.851,23 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello de Cerceda, para a execución do proxecto de albergue na estación de Cerceda, por importe de trescentos corenta e un mil oitocentos cincuenta e nove euros con noventa e dous céntimos (341.859,92 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), Portos de Galicia e o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), para a realización dun estudo da capacidade de integración da enerxía eólica de pequena potencia nos portos de Galicia, por importe de cincuenta e cinco mil euros (55.000 euros).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e a Comunidade Autónoma de Galicia a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para a aplicación do Proxecto Escola 2.0, por un importe total de seis millóns catrocentos oitenta e catro mil cento oitenta e oito euros (6.484.188 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para o desenvolvemento dos Programas de Reforzo, Orientación e Apoio (PROA) e de redución do abandono temperán da educación e a formación, por un importe total de catro millóns novecientos corenta mil seiscentos corenta e seis euros (4.940.646 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza á Consellería do Medio Rural para a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración coa Fundación Monte do Gozo, para atinxir unha mellor capacitación dos mozos e das mozas para fomentar a súa reinserción na actividade agrícola e silvícola, por un importe de nove mil catrocentos sesenta e catro euros (9.464,00 euros).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre o ente público Portos de Galicia e o Concello de Outes, para a construción dun centro náutico deportivo e escola de vela no porto do Freixo e base técnico operativa de Portos de Galicia, por un importe de douscentos cincuenta e sete mil cincocentos cincuenta euros con corenta e catro céntimos (257.550,44 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o sector naval e o seu réxime financeiro fiscal, no que se formula a estratexia para a defensa dos intereses da industria galega, ante ante a situación creada tras o procedemento aberto pola Comisión Europea para estudar a legalidade do *Tax Lease*.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a implantación da Guía de recomendacións para a xestión de eventos Sentinela e eventos adversos graves nos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A NOVA LEI DE COOPERATIVAS DE GALICIA QUE FACILITARÁ A CREACIÓN DESTAS FÓRMULAS EMPRESARIAIS

- ***O Goberno galego deu hoxe luz verde ao anteproxecto de modificación da Lei de cooperativismo de Galicia***
- ***O obxectivo é adecuar a normativa á realidade actual e potenciar a creación de novos proxectos***
- ***Co fin de facilitar a posta en marcha de novas cooperativas, unha das principais modificacións é que se reduce o número mínimo de socios a tres***
- ***Tamén se crea unha nova clase de cooperativa: a “mixta de traballo asociado”, que permitirá incorporar socios de capital que financien o proxecto empresarial***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o anteproxecto de modificación da Lei de cooperativismo de Galicia. Esta reforma ten como obxectivo principal potenciar e facilitar a creación destas fórmulas empresariais, que están a demostrar unha especial resistencia á crise económica.

De feito, unha das principais modificacións que se acometen nesta norma é que se establece a redución xeneralizada do número mínimo de socios a tres co fin de estimular a posta en marcha destas sociedades. Ata o de agora, de xeito xeral, estaba establecido nun número mínimo de catro socios.

Ademais, o texto mellora a regulación das cooperativas, afondando na súa autonomía de xestión; adapta a súa organización ás circunstancias socioeconómicas; propicia a innovación con novas fórmulas organizativas; e reforza o compromiso social cooperativo. Cabe lembrar que a anterior Lei de cooperativas de Galicia data de 1998.

O sector das cooperativas sostén arredor de 20.000 empregos en Galicia, e estase a revelar como unha fórmula especialmente estable e válida fronte a esta crise económica. De feito, no ano 2010 creáronse máis de 40 cooperativas, e os novos socios foron máis de 1.500, o dobre que no ano 2009.

A modificación abrangue 50 artigos –dos 142 dos que conste a Lei 5/1998, do 18 de decembro-, e engade 4 disposicións adicionais, 1 transitoria e tres derradeiras; e derroga un artigo e dúas disposicións transitorias. Tamén derroga parcialmente 3 artigos.

Logo da redución do número mínimo de socios, outra das modificacións máis significativas é a creación dunha nova clase de cooperativa, a cooperativa mixta de traballo asociado. Trátase dunha sociedade singular e excepcional, que se caracteriza por incorporar socios de capital que permitan financiar o proxecto empresarial. Esta nova fórmula está dirixida principalmente a impulsar o cooperativismo no sector industrial, onde se precisan importantes investimentos para a posta en marcha dos proxectos. Deste xeito, foméntase o acceso dos traballadores á propiedade de empresa. Os socios de capital participarán na cooperativa en función da súa achega ao capital social.

En definitiva, o obxectivo desta nova fórmula é o de contribuír á captación de capital de posibles terceiros socios, pero tamén preservar o acceso efectivo do persoal asalariado da cooperativa á propiedade dos medios de produción.

Por outra parte, tamén se modifica e mellora o límite de contratación de persoal asalariado no caso das cooperativas de ensino e de traballo asociado. Deste xeito, estas sociedades estarán menos limitadas á hora de atender as necesidades puntuais de incremento de persoal.

Compromiso social

Xa no que se refire ao reforzamento da vertente social do cooperativismo, o novo texto amplía as finalidades do Fondo de Formación e Promoción das cooperativas. Desde que entre en vigor a nova Lei, este fondo poderá destinarse tamén a actuacións para a conciliación da vida laboral e familiar; fomento da igualdade e da responsabilidade social; apoio a proxectos de emprendedores cooperativos xeradores de emprego, particularmente no eido dos servizos sociais e ao financiamento de proxectos cooperativos.

Ademais, incorpóranse disposicións dirixidas a reforzar e garantir o principio de igualdade entre homes e mulleres. Así, incídese na necesidade de facer posible a conciliación e na adopción de medidas que favorezan as socias vítimas de violencia de xénero. Tamén avanza na procura dunha presenza equilibrada de mulleres e homes na composición dos órganos sociais das cooperativas e nos órganos do Consello Galego de Cooperativas.

Outro dos cambios principais que introduce a nova Lei en relación á mellora da xestión empresarial ten que ver coa regulación dos apoderamentos xerais ou singulares. Neste sentido, calquera persoa física coas facultades de representación, xestión ou dirección poderá ser obxecto deste apoderamento legal, para facilitar a xestión ordinaria con maior profesionalidade, competitividade e axilidade.

Actualmente, a Lei de cooperativas unicamente permite a delegación de facultades de xestión e dirección a favor de conselleiros delegados –membros do consello reitor nomeados expresamente por maioría de 2/3 dos seus membros-. Coa modificación, permítese que esta delegación de facultades de xestión e dirección poida realizarse a favor de calquera persoa física, o que facilita a organización, profesionalización e funcionamento da cooperativa.

Ademais, para mellorar a organización e o funcionamento das cooperativas, a modificación actúa noutras dúas liñas básicas. Por unha banda, posibilita a válida constitución das asembleas xerais en segunda convocatoria e a plena validez dos acordos adoptados, con independencia dos socios asistentes. E, en segundo lugar, para as cooperativas agrarias, modifícase a maioría necesaria para a aprobación do voto

ponderado –consiste na atribución de máis de un voto aos socios que teñan máis volume de actividade cooperativizada-, o que na práctica facilitará a súa aplicabilidade real.

Impulso á fórmula cooperativa

A modificación desta normativa completa a aposta da Xunta pola fórmula do cooperativismo. De feito, durante este ano 2011, a Consellería de Traballo e Benestar investirá preto de 4 millóns de euros en distintas actuacións de promoción e fomento do cooperativismo, co fin de conseguir un axeitado desenvolvemento de Galicia en materia de economía social. Será a través de distintas ordes destinadas ao fomento do emprego e mellora da competitividade, a axudas para o mantemento das asociacións de cooperativas e sociedades laborais e a subvencións para a promoción do cooperativismo nas entidades locais.

Estas iniciativas complementáanse coa posta en marcha dunha rede de centros de asesoramento en materia de cooperativismo denominada “Eusumo”, que foi presentada recentemente. Estas oficinas distribuiranse por todo o territorio galego e axudarán a dar os primeiros pasos aos novos proxectos. Tamén se puxo en marcha un proxecto para fomentar o cooperativismo na Eurorrexión, que conta cun investimento global de 1,2 millóns de euros. Ao mesmo tempo, tamén se está a promover a fórmula cooperativa entre os rapaces e rapazas en idade escolar a través do programa “Cooperativízate”.

O CONSELLO DA XUNTA CONCÉDELLES A MEDALLA DE OURO DE GALICIA AO DOUTOR ÁNGEL CARRACEDO E AO INSTITUTO DA LINGUA GALEGA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

- ***A entrega desta distinción realizarase o vindeiro 25 de xullo nun acto solemne***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se lles concede a Medalla de Galicia, na súa categoría de ouro, ao doutor Ángel Carracedo Álvarez e ao Instituto da Lingua Galega (ILG) da Universidade de Santiago de Compostela, en atención á relevancia dos servizos prestados á sociedade galega.

Trátase da máxima condecoración que concede o Goberno galego, e que será imposta o vindeiro 25 de xullo.

Ángel Carracedo

O catedrático e investigador Ángel Carracedo Álvarez naceu en Santa Comba. Licenciouse en medicina no ano 1978 e conseguiu o premio extraordinario de Licenciatura, recoñecemento que revalidou catro anos máis tarde co seu doutoramento, co que tamén obtivo o premio extraordinario. Na actualidade ocupa, entre outros cargos, a dirección executiva da Fundación Pública de Medicina Xenómica e a coordinación do grupo de Medicina Xenómica da Universidade de Santiago de Compostela, o grupo actualmente de maior produción científica no campo forense a nivel mundial.

O profesor é un dos investigadores mundiais máis relevantes no ámbito da xenética. O seu traballo é pioneiro na xenética aplicada a enfermidades como o cancro, a farmacoxenética e a medicina forense, e ten un grande impacto na introdución de novas tecnoloxías para a identificación forense, así como nos campos da xenética de poboacións, a xenética forense e a medicina.

É autor de 10 libros e máis de 350 artigos nas revistas científicas de maior impacto, como *Science*, *Nature* e *Nature Genetics* e recentemente foi recoñecido cos premios Jaime I de Investigación Médica e Galien 2010, coñecido como o 'nobel do medicamento', galardóns que se suman a unha longa lista de premios nacionais e internacionais recibidos durante a súa traxectoria profesional.

Instituto da Lingua Galega

O Instituto da Lingua Galega é un centro de investigación lingüística da Universidade de Santiago de Compostela. O labor investigador que desenvolve na actualidade o ILG distribúese en varias seccións: lexicografía, xeografía lingüística e dialectoloxía, onomástica, fonética, gramática, sociolingüística e historia da lingua.

Este ano conmemórase o 40 aniversario da fundación do Instituto da Lingua Galega, unha institución que naceu como centro de investigación dedicado ao estudo e promoción da lingua de Galicia na Universidade de Santiago de Compostela ao se iniciar

a década dos 70, o que o converte no centro destas características máis antigo do sistema universitario galego.

O 14 de maio de 1971 presentouse en rolda de prensa o *Gallego 1*, o primeiro método para aprender galego, un acto que tamén serviu para dar a coñecer publicamente a creación do Instituto da Lingua Galega, que figuraba como realizador do libro. O 26 de xullo de 1971 constituíase o Padroado do ILG e aprobábanse os seus primeiros estatutos, nunha sesión en que participaron os representantes da Universidade de Santiago de Compostela e os das fundacións e institucións culturais de maior peso de Galicia. Na mesma sesión constituínte quedou nomeado formalmente o primeiro consello de dirección do ILG, que tiña como director a Constantino García; como subdirector a Manuel Díaz; e como secretario a Ricardo Carballo Calero. Logo virían as *Lecturas Galegas 1*, a revista *Verba. Anuario galego de filoloxía*, a grande empresa do *Atlas Lingüístico Galego*, as *Bases e as Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, e un longo ronsel de proxectos e publicacións.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ESCUDO E A BANDEIRA DO CONCELLO DE SADA E A BANDEIRA OFICIAL DO CONCELLO DE MOS

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos polos que se establecen as conformacións oficiais do escudo de Sada e as bandeiras de Sada (A Coruña) e Mos (Pontevedra).

A bandeira de Mos queda en pano partido ao centro. Amarelo á hasta cunha rosa de vermello tallada de verde; ao batente pano de branco con tres faixas xaqueladas de catro ordes de vermello e amarelo, separadas cada dúas por un filete de negro. A rosa en pano amarelo, presente na simboloxía matricial e na sixilografía local desde o ano 1847, representa a actividade agrícola. O cultivo ornamental e a vinculación do termo municipal co río Louro. As faixas xaqueladas en pano de branco representan as armas dos Sotomayor, liñaxe señorial que desde o medievo exerceu unha grande influencia e da que descendieron distinguidas familias históricas no termo municipal, coma a dos propios marqueses de Mos.

Concello de Sada

Por outra banda, o concello de Sada, considerou tamén conveniente organizar correctamente o seu escudo e a súa bandeira para perpetualo coa simboloxía adecuada e conforme as normas da heráldica.

Polo que deste xeito, a bandeira de Sada quedaría en pano de azul cun navío de dous paus de amarelo co velame ao vento de branco sobre dúas ondas de branco, flanqueado por dúas torres de amarelo donxonadas e abertas. O navío alude ao seu porto pesqueiro e comercial xa coñecido dende tempo dos fenicios, cartaxineses, gregos e romanos; as torres aluden aos castelos de Fontán e Corbeiroa mandados construír no século XVIII co fin de protexer o porto e as súas industrias pesqueiras e de salgadura, que segundo a tradición popular estaban comunicados mediante un túnel.

O escudo queda en campo de azur cun navío de dous paus de ouro habillado de prata con velame ao vento, sobre ondas de prata e azur; saínte de cada flanco un monte rochoso de gules defendido por unha torre aberta e dononada de ouro. Ao timbre coroa real cerrada. O motivo heráldico representa no seu conxunto a entrada da bahía de Sada; o navío alude ao seu histórico porto pesqueiro e comercial xa coñecido dende tempo dos fenicios, cartaxineses, gregos e romanos; as torres sobre rochas aluden aos castelos Fontán e Corbeiroa mandados construír no século XVIII co fin de protexer o porto e as súas industrias pesqueiras e de salazón, que segundo a tradición popular estaban comunicados mediante un túnel.

A día de hoxe a Xunta aprobou por decreto 135 escudos e 88 bandeiras.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DUN TREITO DA ESTRADA VIVEIRO-CABREIROS (LU-540) A PROL DO CONCELLO DE OUROL, EN LUGO

- ***O cambio vén motivado porque este treito, situado entre os puntos quilométricos 15+000 e o p.q. 16+140, no contorno do chamado cruzamento dos Colviños, adquiriu características urbanas***
- ***A partir da formalización da entrega, o concello encargárase de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do tramo***

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade dun treito da estrada Viveiro-Cabreiros (LU-540) a prol do concello lugués de Oourol. O cambio vén motivado porque o tramo, que discorre entre o punto quilométrico 15 + 000 e o p.q 16 + 140, adquiriu características netamente urbanas.

A Dirección Xeral de Infraestruturas analizou e considerou adecuado o cambio de titularidade deste treito e, de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes, a transferencia da titularidade.

O Decreto 308/2003 prevé a posibilidade do cambio de titularidade de estradas a prol dos concellos, con especial referencia a aquelas susceptibles de seren transferidas por non daren continuidade a itinerarios ou seren treitos de estradas en que se fixeron variantes de trazado.

Así mesmo, no artigo 5 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, indícase que os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma deberán ser aprobados por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas.

A entrega formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

O concello, a partir da formalización da entrega, encargárase de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía. Tamén lle corresponden ao ente municipal o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

A XUNTA ACHEGA 2,7 MILLÓNS DE EUROS AO CONCELLO DE SANTIAGO POLO ESTATUTO DE CAPITALIDADE

- ***Cumpre co compromiso de contribuír ao sostemento dos servizos derivados da súa condición de capital de Galicia e sede das súas institucións***

O apoio económico da Xunta de Galicia ao Concello de Santiago de Compostela para facer fronte aos gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma galega ascende a 2,7 millóns de euros para o ano 2011.

A Administración galega cumpre así co seu compromiso de contribuír ao sostemento dos servizos derivados da condición de capitalidade de Galicia e sede das súas institucións que ten atribuídas a cidade.

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia –a través da Consellería de Facenda- e o devandito concello para financiar o estatuto de capitalidade de Santiago de Compostela.

O pagamento desta contía realizarase de xeito fraccionado, o primeiro libramento deberá realizarse con anterioridade ao 30 de xullo; o segundo antes do 30 de setembro e o último antes do día 15 de decembro do ano en curso.

Neste marco, o concello deberá realizar unha xustificación dos gastos que consistirá na certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control no Concello de Santiago de Compostela, que comprobará se os importes recibidos da Comunidade Autónoma están executados na súa totalidade e para os fins para os que foron previstos.

Estatuto de capitalidade

O 24 de xullo de 2002 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Lei 4/2002, dO 25 de xuño, do estatuto da capitalidade de Santiago de Compostela, co obxecto de regular o estatuto especial desta cidade como sede das institucións autonómicas e polo seu recoñecemento como capital da Comunidade Autónoma de Galicia. Establécense así, os mecanismos axeitados para o tratamento xurídico-administrativo e financeiro da capitalidade desta cidade.

A fixación de Santiago como sede das institucións autonómicas supuxo un fito que engadiu, á xa tradicional dinámica da cidade, a necesidade de afrontar novos retos, particularmente en relación coa prestación de servizos públicos, así como na implantación de dotacións e equipamentos, determinados directamente pola presenza das institucións autonómicas no termo municipal.

Esta lei establece unha previsión de financiamento específico nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, co que se pretende contribuír ao financiamento dos servizos e

gastos do concello motivados por este estatuto de capitalidade e por ser a sede das institucións galegas.

MEDIO AMBIENTE INVISTE MÁIS DE 260.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUN PUNTO LIMPO QUE SERVIRÁ AOS VECIÑOS DOS CONCELLOS DE FENE E CABANAS

- *O punto limpo estará situado no polígono industrial de Vilar de Colo, no Concello de Fene, xa que é un lugar de fácil acceso e reúne os requisitos precisos para a súa localización*
- *O obxectivo será evitar a vertedura incontrolada de entullo e residuos voluminosos, coma mobles ou electrodomésticos, ademais de facilitar a súa recuperación e reciclaxe*
- *Esta actuación está prevista no Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia, que xa puxo en funcionamento 13 puntos limpos no que vai de lexislatura, ademais doutros cinco que están en execución ou licitación*
- *O novo Plan de Residuos Sólidos Urbanos prevé, ademais, a creación de preto de 300 novas instalacións deste tipo ata o ano 2020*

O Consello da Xunta aprobou un proxecto de acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Fene para a construción dun punto limpo. Esta infraestrutura conta cun orzamento de máis de 260.000 euros, e servirá a máis de 17.000 veciños dos concellos de Fene e Cabanas.

As instalacións do punto limpo situaranse no polígono industrial de Vilar do Colo xa que é un lugar de fácil acceso e reúne os requisitos precisos para a localización deste lugar de recollida de residuos que non poden ser depositados nos contedores urbanos, tales como pilas, fluorescentes, baterías, colchóns e electrodomésticos, entre outros moitos.

O obxectivo será a vertedura incontrolada de entullo e residuos voluminosos, coma mobles ou electrodomésticos, ademais de facilitar a súa recuperación e reciclaxe. Ademais disto, o punto limpo almacenará, en condicións de seguridade e saúde, os residuos perigosos co fin de protexer o ambiente.

Para a súa construción será necesario levar a cabo movementos de terras, a urbanización e axardinamento da zona, construción das instalacións xerais, unha caseta de recepción, un almacén de residuos tóxicos e perigosos, colectores, protección contra incendios, e adecuar o peche perimetral e os accesos e sinalización. Esta acción ten un prazo de execución de 3 meses.

Aposta polos puntos limpos

A Xunta de Galicia leva posto en funcionamento un total de 13 novos puntos limpos nas catro provincias no que vai de lexislatura. O novo Plan de Residuos Sólidos Urbanos prevé, ademais, a creación de preto de 300 novas instalacións deste tipo ata o ano 2020.

Nestes últimos dous anos puxéronse en marcha os puntos limpos dos concellos da Peroxa, A Pobra de Trives, Terras de Celanova e Bande na provincia de Ourense; en Guntín e Quiroga, na provincia de Lugo; na provincia da Coruña están situados nos concellos das Somozas, Curtis, Melide e Sobrado dos Monxes e Negreira; e nos concellos de Covelo e Cangas en Pontevedra.

Ademais, licitáronse 5 novos puntos limpos nos concellos do Pereiro de Aguiar, O Carballiño, Castro Caldelas, Vilarmartín de Valdeorras e San Cibrao das Viñas.

Actualmente, existen 122 puntos limpos en Galicia. O departamento que dirixe Agustín Hernández ten prevista a posta en funcionamento de preto de 300 novos puntos limpos ata o ano 2020, dentro do novo Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos. O investimento previsto pola Xunta para a creación e xestión de novos puntos limpos así como o mantemento dos xa existentes ascende a mais de 21,2 millóns de euros.

| PREVISIÓN DE PUNTOS LIMPOS | |
|-----------------------------------|------------|
| Puntos limpos fixos | 228 |
| Minipuntos | 40 |
| Puntos limpos móviles | 28 |
| TOTAL | 296 |

A finalidade dos puntos limpos é minimizar as verteduras nos depósitos controlados, especialmente as que poden conter materiais biodegradables ou que poidan ser recuperables mediante a valorización.

Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos

Esta actuación está prevista no Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos, aprobado de forma definitiva o pasado 13 de xaneiro no que se definen as estratexias en materia de RSU para a vixente década; dando resposta ás exixencias comunitarias sobre prevención da xeración de residuos e o fomento da reutilización, a reciclaxe e a recuperación.

Con este plan, que estará en vigor ata o ano 2020, o Goberno galego establece obxectivos ambiciosos e realistas para acadar un modelo de xestión sustentable e reducir as súas repercusións ambientais. A Xunta de Galicia mantén unha aposta clara e definitiva por unha adecuada valorización dos residuos sólidos urbanos (RUS) e traballa co fin de implicar neste propósito os concellos galegos.

O Executivo autonómico tamén trata de potenciar o principio de proximidade, para facilitar a xestión do sistema integral aos concellos, con todas aquelas medidas que lles permitan abaratar os seus custos de transporte.

Grazas a esta política de actuacións, Galicia sitúase na vangarda no referente ao tratamento de residuos, ao dispoñer dunha sistemática xestión integral, consolidada e sustentable dentro do territorio nacional e comunitario que, coas infraestruturas dispostas nestes momentos, garante o peche do ciclo iniciado coa recollida fraccionada en orixe.

A XUNTA FINANCIA UN ALBERGUE NA ESTACIÓN DO CONCELLO MINEIRO DE CERCEDA

- ***A iniciativa ten como un dos seus obxectivos o impulso dunha economía alternativa na zona tradicionalmente dedicada a minaría do carbón- coa dotación dunha infraestrutura que favoreza as condicións de vida do municipio***
- ***A Xunta de Galicia, mediante o financiamento deste albergue, continúa a estratexia de potenciar a competitividade industrial da zona mineira e a súa sustentabilidade económica, social e ambiental***

O Consello da Xunta autorizou a Consellería de Economía e Industria para a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Cerceda para levar a cabo a execución das obras do albergue na estación de Cerceda, na Coruña.

Este proxecto enmárcase dentro das iniciativas da Xunta de Galicia orientadas á mellora da competitividade industrial nas zonas mineiras, así como a potenciar a súa sustentabilidade económica, social e ambiental, acompañadas sempre dunha mellora da calidade de vida e dos servizos públicos, nos municipios onde se integran.

Neste sentido, o Goberno Galego favorece o desenvolvemento social e lúdico das zonas mineiras, considerando de especial interese implementar accións coma o albergue na estación de Cerceda. A dotación económica orzada pola Consellería de Economía e Industria para o desenvolvemento das actuacións previstas neste acordo achégase aos 400.000 euros, que serán investidos na execución do proxecto do albergue.

O acordo, promovido pola Consellería de Economía e Industria, cun Convenio de Colaboración Específico co Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras, ten como finalidade impulsar o desenvolvemento económico alternativo desta zona -tradicionalmente dedicada á minaría do carbón- coa posta en marcha de infraestruturas que redunden nunha mellora obxectiva das condicións de vida destes municipios.

A XUNTA PROMOVE UN ESTUDO SOBRE INSTALACIÓNS EÓLICAS DE PEQUENA POTENCIA NOS PORTOS DE GALICIA

- ***O estudo está orientado a facer unha análise da demanda eléctrica dos portos e unha análise previa dos recursos eólicos nas zonas portuarias***
- ***A iniciativa ten como un dos seus obxectivos a selección de localizacións/portos potencialmente apropiados para a implantación de instalacións eólicas de pequena potencia***
- ***Esta actuación enmárcase na estratexia da Xunta de Galicia de fomento das enerxías renovables na Comunidade Autónoma***
- ***A Xunta de Galicia, mediante o financiamento deste Estudo, permitirá a definición de Proxectos Piloto en cada zona costeira, con tecnoloxías distintas***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou a Consellería de Economía e Industria para a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), Portos de Galicia e o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), para a realización dun estudo que analice a capacidade de integración da enerxía eólica de pequena potencia –ata 100 kW- nos portos de Galicia.

Esta iniciativa está orientada a facer unha análise da demanda eléctrica dos portos e unha análise previa dos recursos eólicos nas zonas portuarias, con apoio da información achegada polo “Atlas Eólico de España” e polos datos meteorolóxicos dispoñibles nas autoridades portuarias, de cara a estudar as localizacións máis apropiadas, por zona costeira (rías Altas, Medias e Baixas), para a implantación de instalacións eólicas de pequena potencia co fin de optimizar a utilización das fontes de enerxías renovables.

De xeito que se levará a cabo unha análise da demanda eléctrica dos portos, dos recursos eólicos nas zonas portuarias, e da viabilidade técnico-económica dos proxectos, tendo en conta aspectos como as alternativas tecnolóxicas, a sensibilidade á produción e custos, a conexión eléctrica ou a integración urbanística.

A Xunta de Galicia, mediante o financiamento deste Estudo, permitirá a definición de proxectos piloto en cada zona portuaria, con tecnoloxías distintas, incluíndo as hipóteses de partida sobre parámetros fundamentais, a configuración da instalación e punto de conexión e os resultados económicos esperados.

Ademais, levarase tamén a cabo un informe final, incluíndo un resumo das conclusións das análises previas, así como apartados específicos para a definición de criterios para a selección dos lugares mais axeitados, e para a descrición de tramitacións administrativas e estudos de detalle asociados á implantación dunha instalación eólica de pequena potencia nos portos de Galicia.

Cómpre lembrar que esta actuación se enmarca na estratexia da Xunta de Galicia de fomento das enerxías renovables na Comunidade Autónoma, prestando unha especial atención ao vento como unha das fontes autóctonas máis rendibles.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O MINISTERIO ASINAN A NOVA ADDENDA AO CONVENIO 'ESCOLA 2.0'

- ***A iniciativa enmárcase dentro do Proxecto ABALAR, que persegue continuar integrando ao longo deste ano as novas tecnoloxías da información e comunicación nos centros educativos de toda Galicia***
- ***Ao abeiro desta nova addenda, a estratexia contará con 6.484.188 millóns de euros máis para continuar coa súa implantación durante o curso 2012-2013***

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o seu beneplácito á sinatura dunha nova addenda entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Ministerio do ramo para dar continuidade ao convenio 'Escola 2.0'. Este compromiso, asinado por primeira vez en decembro de 2009, persegue a paulatina integración das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) nos centros educativos galegos, permitindo o uso personalizado dun ordenador portátil por parte de cada alumno e a transformación das actuais aulas tradicionais en aulas dixitais informatizadas.

Para adaptar esta estratexia ás necesidades da Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería de Educación continúa apoiando o Proxecto ABALAR, grazas ao cal arredor de 31.500 alumnos e alumnas de educación primaria e secundaria obrigatoria mellorarán as súas competencias dixitais no vindeiro curso 2011/2012. Coa presente addenda engádense máis de 6,4 millóns de euros máis para establecer os mecanismos necesarios para continuar co devandito convenio, achegando novos fondos económicos e cumprindo os correspondentes compromisos de extensión do programa.

Implicacións sociais

O proxecto non simplemente dota de equipamento e infraestruturas os centros de educación, ABALAR fomenta a participación no mundo das novas tecnoloxías do conxunto da poboación. O profesorado, alumnado e o conxunto da sociedade galega terán á súa disposición infraestruturas educativas tecnolóxicas co fin de contribuír ao progreso e modernización do sistema educativo.

A consecución do Proxecto ABALAR nos centros educativos supón a mellora tecnolóxica, pero tamén o cambio das clásicas estruturas de ensino-aprendizaxe. Por tanto exige o fomento da interactividade, multimedialidade e a Cultura Dixital máis aló das aulas, implicando as familias e toda a comunidade educativa.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DESENVOLVERÁ A TRAVÉS DO PLAN PROA ACTUACIÓN PARA A MELLORA DO ÉXITO ESCOLAR E A LOITA CONTRA O ABANDONO TEMPERÁN DOS ESTUDOS

- ***O convenio entre o Ministerio de Educación e a Consellería destina máis de 4,9 millóns de euros a este programa e ao de redución do abandono***
- ***O PROA ten como obxectivo apoiar o alumnado con dificultades de aprendizaxe e en situación de desvantaxe socioeducativa***

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria continuará o vindeiro curso a desenvolver programas de reforzo educativo ao alumnado de primaria e secundaria ao abeiro do convenio co Ministerio de Educación para financiar o Plan PROA (Programa de Reforzo, Orientación e Apoio), ao cal o Consello da Xunta deu hoxe a súa aprobación. As achegas económicas dedicadas ao programa ascenden a un total de máis de 4,9 millóns de euros, cos que se pretende impulsar o éxito escolar. Ademais neste convenio incorpórase o programa para a redución do abandono temperán da educación e da formación.

O PROA ten como obxectivo a posta en marcha de programas de reforzo para o alumnado que manifeste dificultades nos diferentes ámbitos educativos, fomentando, tamén, a súa integración socioeducativa mellorando as expectativas sobre as súas propias capacidades, reducindo as taxas de fracaso escolar no sistema educativo galego. O programa pretende potenciar a aprendizaxe e o rendemento escolar facendo que os alumnos e alumnas adquiran hábitos de organización e constancia no traballo.

O programa levarase a cabo a través de dúas modalidades, unha de acompañamento escolar, dirixida ao alumnado do segundo e terceiro ciclo de primaria e ao dos dous primeiros cursos de secundaria; e outra de apoio escolar, dirixida só aos centros que imparten a etapa de secundaria obrigatoria.

Acompañamento escolar

No caso da modalidade de acompañamento escolar, que se implementará no primeiro trimestre do curso 2011-2012 en 95 centros de educación primaria e 49 de secundaria, trátase dun programa que responde á necesidade de mellorar os índices de éxito escolar en determinados centros de educación primaria e secundaria que reciben alumnos en situación de desvantaxe socioeducativa. Este ano, como novidade, esta modalidade esténdese tamén ao segundo ciclo de educación primaria, ademais de seguir a desenvolver no terceiro, como ata o momento

Para conseguir esta mellora preténdese actuar sobre unha parte do alumnado destes centros, en campos que se consideran esenciais para que as súas perspectivas escolares aumenten. Desta forma búscase, ademais, actuar sobre a totalidade do centro, mellorando o seu clima e mellorando as expectativas de futuro escolar nel.

O obxectivo é potenciar a aprendizaxe e rendemento escolar mediante a adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo, a mellora das habilidades e actitudes asociadas á lectura, e o reforzo de coñecementos e destrezas nas áreas instrumentais. Desta forma preténdese ademais mellorar a integración social, tanto do alumno como do centro educativo en xeral, contando coa necesaria colaboración das familias e do conxunto da comunidade educativa.

Apoio en secundaria

Respecto da modalidade de apoio en centros de educación secundaria, esta pretende afrontar a situación dos centros que reciben unha porcentaxe importante de alumnado en situación de desvantaxe socioeducativa, e para os que os recursos ordinarios se mostran insuficientes.

Para mellorar os resultados destes centros de secundaria prevese unha intervención en tres ámbitos, nomeadamente sobre o propio centro, a través de cambios na súa organización e funcionamento; sobre as familias, no que atinxe á súa relación co centro e ao apoio que prestan ao alumnado; e sobre o ámbito do centro, co fin de incrementar a oferta de carácter educativo non escolar.

Contra o abandono temperán

Este ano incorpórase ao convenio o programa para a redución do abandono temperán da educación e da formación, a través do que se realizarán diferentes actuacións para mellorar a taxa de abandono escolar, mediante medidas específicas, que se desenvolverán nas zonas onde o índice de alumnas e alumnos graduados en ESO sexa menor.

Con este fin, nos centros educativos desenvolveranse estratexias para a identificación de alumnado en risco de abandono e aplicaranse as medidas orientadas ao seu éxito escolar, con actividades de orientación encamiñadas a motivalo e a espertar o seu interese pola vida académica. Desta forma a Consellería de Educación fomenta que o maior número de rapazas e rapaces obteñan polo menos o título de estudos secundarios obrigatorios, reducindo así as taxas de absentismo e abandono.

Coa sinatura deste convenio a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria reforza o seu compromiso de incrementar a calidade do sistema educativo galego, como así vén facendo, mediante a colaboración co Ministerio de Educación, desde a posta en marcha o Plan PROA.

MEDIO RURAL INCREMENTA OS FONDOS PARA APOIAR OS PROGRAMAS TERAPÉUTICOS AGRARIOS E FORESTAIS DA FUNDACIÓN MONTE DO GOZO

- ***O Consello aprobou unha addenda ao convenio asinado pola Xunta con esta entidade, que pasa a ter agora unha dotación orzamentaria total de 64.464 euros***
- ***Os programas que se desenvolven no Centro Terapéutico de Cernadas van dende a aprendizaxe de coñecementos en materia de novas técnicas de cultivos hortícolas ata o coidado dos recursos forestais, entre outras actividades***

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural para a sinatura dunha *addenda* ao convenio de colaboración coa Fundación Monte do Gozo, para atinxir unha mellor capacitación dos mozos e fomentar así a súa reinserción na actividade agrícola e silvícola, por un importe de 9.464 euros.

O convenio –asinado o ano pasado– ten carácter bianual, e a súa contía inicial é de 55.000 euros. Con esta *addenda*, a partida orzada para o ano 2011 –que nun principio era de 10.000 euros - pasa a ser de 19.464 (case o dobre), co que a dotación final será de 64.464 euros.

A razón principal pola que se viu necesario ampliar este orzamento é que, neste intre, a Fundación Monte do Gozo aumentou para este ano a media diaria de mozos atendidos, pasando de 500 a 533 ao día, sendo este organismo o máis representativo no desenvolvemento deste tipo de programas.

Con este convenio, posto en marcha en 2008, preténdese que os mozos do Centro Terapéutico de Cernadas (no concello coruñés de Val do Dubra) poidan aprender novas técnicas de cultivos hortícolas e ornamentais, a aplicación de novas tecnoloxías, a eliminación de restos orgánicos mediante compostaxe e a identificación e sinalizacións das árbores, entre outras actividades. Valores, todos eles, relativos ao coñecemento e coidado dos recursos forestais e no ámbito da silvicultura.

Campos de ensaio

A Fundación Monte do Gozo pon á disposición da Consellería a explotación agraria e responsabilízase da realización dos campos de ensaio e demostración de cultivos hortícolas nunha superficie de 2.000 metros cadrados cubertos e 8.600 metros cadrados ao aire libre.

Nesta superficie lévanse a cabo demostracións de métodos e resultados, que son amosados á propia Consellería do Medio Rural e aos agricultores da zona, mediante xornadas ao longo do ano, para que estes tamén coñezan os resultados obtidos nos labores de experimentación en materia de silvicultura.

PORTOS DE GALICIA INCREMENTARÁ A SUPERFICIE DISPOÑIBLE PARA TAREFAS ADMINISTRATIVAS NO FUTURO CENTRO NÁUTICO DEPORTIVO DO FREIXO EN OUTES

- ***O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dunha addenda ao convenio para a construción do edificio no cal se prevé un aumento da zona de uso do ente***
- ***As novas dependencias albergarán un almacén para os equipos e elementos de loita contra a contaminación e seguridade***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dunha addenda ao convenio de Portos de Galicia e o Concello da Serra de Outes, para a construción do futuro centro náutico deportivo, na cal se prevé o incremento da superficie dispoñible para o ente público no edificio, actualmente en construción.

O pasado 6 de maio de 2010, Portos de Galicia e o Concello de Outes asinaron un convenio de colaboración para a construción dun centro náutico deportivo e escola de vela e a base técnico-operativa do ente público no porto do Freixo. Portos de Galicia puxo á disposición 300.000 euros para a construción do edificio con cargo á anualidade 2010, e o Concello de Outes preto de 470.000 euros. Como contrapartida pola achega económica, Portos de Galicia ten dereito, en virtude do dito convenio, a dispoñer dunha zona do edificio para as oficinas e o almacén.

Os avances en equipamento para a loita contra a contaminación fan que agora Portos de Galicia necesite tamén un lugar para a nova maquinaria e demais elementos de loita anticontaminación e de reforzo da seguridade. Ata o momento só existe un almacén destas características, localizado na Pobra do Caramiñal, polo que se fai preciso un novo espazo. Con base nesta necesidade propúxose unha addenda ao convenio que incremente a superficie dispoñible para Portos de Galicia, que foi autorizada esta mañá polo Goberno Galego.

A addenda supón un incremento dende Portos de Galicia de 257.550 euros máis. Pola súa parte, o ente público disporá agora da zona xa reservada no convenio e, a maiores, dun almacén e doutro local para xestión dos medios para a loita contra a contaminación.

A XUNTA INSTA AO GOBERNO DE ESPAÑA Á APROBACIÓN INMEDIATA DUN RÉXIME SUBSTITUTORIO DO TAX LEASE IGUALMENTE ATRACTIVO PARA ARMADORES E INVESTITORES

- ***O Consello da Xunta deu o seu visto e praxe ao informe da Consellería de Economía e Industria sobre o sector naval e o seu réxime financeiro fiscal***
- ***A Xunta insta ao Goberno español a traballar para lograr que o procedemento iniciado sexa pechado canto antes, co recoñecemento, en calquera caso, da validez do Tax Lease ata o momento, baseándose no feito de que estaleiros, investidores e armadores actuaron baixo o principio de confianza lexítima***
- ***A proposta da Xunta de Galicia, plenamente consensuada coa totalidade do sector naval, avoga por un réxime de bonificacións substitutorio, baseado na libre amortización e non na amortización degresiva, xa que esta última opción alóngase moito no tempo e resulta pouco atractiva para os investidores e armadores***

O Consello da Xunta deu o seu visto e praxe ao informe da Consellería de Economía e Industria sobre o sector naval e o seu réxime financeiro fiscal, no que se formula a estratexia para a defensa dos intereses da industria galega, ante a situación creada tras o procedemento aberto pola Comisión Europea para estudar a legalidade do Tax Lease, no que se inclúe a suspensión da aplicación deste réxime.

O informe do Goberno galego recomenda o establecemento dun réxime de bonificación substitutorio, igualmente atractivo para armadores e investidores, e insta o Goberno español a traballar para lograr que o procedemento iniciado sexa pechado canto antes, co recoñecemento, en calquera caso, da validez do Tax Lease ata o momento, baseándose no feito de que estaleiros, investidores e armadores actuaron baixo o principio de confianza lexítima, de xeito que a medida non afectaría a obra en curso nin as operacións concluídas.

A Xunta tamén insta o Goberno central a configurar un novo réxime de bonificacións que substitúa o actual, utilizando a combinación de medidas actualmente vixentes e compatibles coa lexislación europea, xa que non se pode esperar á resolución do procedemento, porque os estaleiros e a industria auxiliar non aguantarían un longo período sen contratos en carteira, nin a falta de confianza xerada nesta situación de incerteza.

A proposta da Xunta de Galicia, plenamente consensuada coa totalidade do sector naval é a inmediata aprobación dunha normativa en que se recolla un réxime de bonificación substitutorio, baseado no réxime de tonelaxe e mais na libre amortización, e non na amortización degresiva (que se amortice máis ao principio que ao final), xa que esta última opción alóngase moito no tempo e resulta pouco atractiva para os investidores e armadores.

Ademais, o informe fai un chamamento expreso ao comisario europeo, Joaquín Almunia, de cara ao recoñecemento desta situación como un problema que afecta especificamente os estaleiros e a industria auxiliar española e non os estaleiros estranxeiros.

O SERGAS PON EN MARCHA UNHA GUÍA DE RECOMENDACIÓNS PARA A XESTIÓN DE EVENTOS SENTINELA E EVENTOS ADVERSOS GRAVES

- ***Esta guía ten como obxectivo afrontar, dun xeito estruturado e sistemático, as situacións de crise nos centros asistenciais relacionadas coa aparición dun suceso sentinela ou un evento adverso grave***
- ***Todos os centros sanitarios desenvolverán, difundirán e implantarán o seu propio procedemento de xestión deste tipo de eventos***

O Sergas elaborou unha Guía de recomendacións para a xestión de eventos sentinela e eventos adversos graves, que difundiu nos seus centros sanitarios.

Con esta iniciativa preténdese mellorar a reposta dos centros a un posible evento adverso grave, controlando e tratando de minimizar o seu impacto nos pacientes, familiares ou profesionais sanitarios involucrados. Ademais, conséguese diminuír a variabilidade no manexo de situacións deste tipo entre centros asistenciais na rede do Servizo Galego de Saúde.

Considéranse eventos adversos aqueles sucesos non desexados e imprevistos que teñen consecuencias negativas, perdurables ou non, para o paciente ou a propia institución sanitaria, como consecuencia da atención sanitaria; e eventos sentinela, aqueles sucesos imprevistos que causan a morte ou graves danos físicos ou psicolóxicos ao paciente ou teñen risco de causalos. A súa ocorrencia serve de aviso e obriga a organización á súa avaliación inmediata e a pór en marcha unha serie de actuacións para evitar que se volvan producir.

Neste senso, o Servizo Galego de Saúde, no marco da política de calidade e seguridade, considerou prioritario achegar aos centros unhas directrices comúns, sistemáticas e baseadas en recomendacións de expertos, que servirán de orientación para afrontar a xestión dun suceso sentinela ou un evento adverso grave.

Segundo se recolle nun informe abordado hoxe polo Consello da Xunta, esta guía permitirá a todos os centros sanitarios desenvolver, difundir e implantar o seu propio procedemento de xestión para este tipo de eventos.

A Guía articúlase arredor de catro aspectos principais: accións inmediatas tras un evento sentinela; comunicación e soporte ao paciente e/ou á familia dos afectados; comunicación e soporte aos profesionais afectados; e investigación e difusión de resultados relacionados coa análise do caso para a aprendizaxe dos profesionais.

Coa implantación desta Guía, que se difundiu a todos os centros do Servizo Galego de Saúde, o departamento que dirixe Pilar Farjas segue a demostrar a súa capacidade de xestión e planificación, amosando unha actitude firme e decidida de traballo, na mellora da calidade asistencial e da seguridade dos nosos pacientes.